



## Concello de Oza-Cesuras

---

**BASES QUE HAN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN URXENTE EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DUN PEÓN PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “IMPLANTACIÓN DE PLUVIAIS NOS LUGARES DE SANTA CRUZ E VILAR DE COSTOIA. PARROQUIAS DE MONDOI E PORZOMILLOS”, INCLUÍDA NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO DE 2018**

### 1.- Obxecto

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a contratación laboral urxente dunha (1) praza de peón que non foi cuberta na convocatoria do 4 de outubro de 2018 para continuar a execución da actuación denominada “Implantación de pluviais nos lugares de Santa Cruz e Vilar de Costoia. Parroquias de Mondoí e Prozomillos”, subvencionada pola Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 do Fondo de Compensación Ambiental 2018 co obxecto de poder xustificala o vindeiro 15 de novembro de 2018.

Modalidade: contrato laboral temporal de duración determinada.

Prazo de duración: ata o 12 de novembro de 2018 (incluído).

Xornada laboral: completa (40 horas semanais)

### 2.- Obxecto dos contratos

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias do citado posto de traballo de peón para continuar coa execución da actuación descrita no proxecto técnico denominado “Implantación de pluviais nos lugares de Santa Cruz e Vilar de Costoia. Parroquias de Mondoí e Prozomillos”, redactado polos servizos técnicos municipais en febreiro de 2018.

### 3. Requisitos das persoas aspirantes

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con alguna discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.



## Concello de Oza-Cesuras

---

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2. Os anteriores requisitos haberán de reunirse con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación das solicitudes ou instancias para tomar parte nos correspondentes procesos selectivos

### **4. Forma e prazo de presentación de instancias**

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792000 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Tendo en conta que a praza non foi cuberta na convocatoria realizada o pasado 4 de outubro de 2018 e por resultar urxente a cobertura da mesma, o prazo para a presentación de solicitudes será ata as 13:00 horas do vindeiro 19 de outubro de 2018 no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, en horario de 8:30 a 13:00, ou ben telemática na sede electrónica do Concello de Oza- Cesuras, con certificado dixital.

2. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude.

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

3. A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

a) Fotocopia auténtica ou cotexada do DNI ou documento correspondente ao país da UE

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

c) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

### **5. Admisión das persoas aspirantes**

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado dictará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por seis persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.



## Concello de Oza-Cesuras

---

### 6.- Tribunal seleccionador

O Tribunal seleccionador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 4 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do Concello de Oza-Cesuras.

Non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e da secretaria.

### 7.- Criterios de selección.

Os criterios de selección serán os seguintes:

Experiencia laboral:

Por servizos laborais prestados como peón: Ata un máximo de **7,00 puntos** (realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as segundo a súa vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes)

. Nos antigos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras ou no fusionado de Oza- Cesuras: 1,20 puntos por mes completo.

. Noutros Concellos: 0,65 puntos por mes completo.

. Noutras administracións públicas: 0,50 puntos por mes completo.

. No sector privado: 0,20 puntos por mes completo

Proba oral:

Entrevista persoal sobre coñecemento do municipio e cuestións relacionados coas tarefas a desenvolver: Ata un máximo de **3,00 puntos**.

**A experiencia laboral deberá ser acreditada con orixinais ou copias auténticas ou cotexadas dos correspondentes contratos laborais e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións públicas.**

**Os méritos alegados polos concursantes deberán ser acreditados por documentos, orixinais ou copias auténticas ou cotexadas, expedidos polos organismos ou entidades competentes.**

**A experiencia non acreditada desta forma non será tida en conta.**

**Toda a documentación acreditativa da experiencia profesional deberá acompañar á instancia ou solicitude.**

No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización do proceso selectivo, sempre e cando os candidatos cumplan os requisitos esixidos.

### 8.- Selección

Seleccionarase á persoa que obteña maior puntuación. Para estes efectos, unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e, potestativamente, na páxina web do concello, e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numericamente, a relación ou listaxe de candidatos e elevará a dita relación, xunto coa proposta de contratación á Alcaldía para os efectos de formalizar o correspondente contrato laboral.

## Concello de Oza-Cesuras

---

### 9.- Documentación

A persoa aspirante proposta para formalizar o contrato laboral, deberá presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende que se lle comunique o resultado da selección, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### 10.- Contratación

Concluído o proceso selectivo, cumprida a condición indicada no parágrafo 2º da base 8ª e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá mediante o correspondente decreto a acordar a contratación do persoal laboral temporal.

### 11.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán na páxina web do Concello de Oza-Cesuras ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)).

Oza- Cesuras, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE,

Asdo.: José Pablo González Cacheiro